


**Concello de Padrón**

**Concellería de Deportes**



# XXXII CARREIRA POPULAR PASCUA PADRÓN 2011

A Concellería de Deportes de Padrón organiza o vindeiro Sábado 23 de Abril de 2011 a partir das 11:00 horas, a XXXII CARREIRA POPULAR DE PASCUA , baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago). A proba estará suxeita ao seguinte

REGULAMENTO XERAL:

- PROBAS: Celebraranse 4 probas con percorridos e horarios diferentes según as categorías. A saída e chegada de todas elas será na Praza de Macías.

| PROBAS ESCOLARES: Ata cadetes | | | |
|---|---|---|---|
| PROBA | HORA | CATEGORÍAS (MASC. FEM) | DISTANCIA |
| 1ª | 11:20 h | PITUFOS: 2007 e posteriores | 100 metros<br>Rúa Longa- Praza Macías |
| 2ª | 11:30 h. | PREBENXAMÍNS: 2006 – 2005 – 2004<br>BENXAMÍNS: 2003 - 2002 | 500 metros<br>Praza Macías – Rúa Longa – Rúa Rosalía de Castro – Rúa Sol – Rúa Juan Rodríguez – Rúa Longa – Praza Macías) |
| 3ª | 11:40 h. | ALEVÍNS: 2001 - 2000<br>INFANTÍS: 1999 – 1998<br>CADETES: 1997 - 1996 | 2000 metros<br>Praza Macías – Rúa Longa – Rúa Dores – Ponte de Iria (Ida e Volta) |

| PROBA ABSOLUTA (PROBA PERTENCENTE AO GRAN SLAM CHAMPIONCHIP) | | | |
|---|---|---|---|
| | CAT. MASCULINAS | CAT. FEMENINAS | DISTANCIA |
| 4ª<br>12:00 h. | XM:Xuvenís-Junior-Promesa: 1996-1989 | XF: Xuvenís-Junior-Promesa: 1995 - 1989 | 13,3 Km<br>Saída/Chegada Praza Macías<br>Percorrido:<br>Extramuros, pistas de Lamas, Pistas de Seira |
| | SM: Senior: 1988-1975 | SF: Senior: 1988 - 1975 | |
| | VAM: Veterán A: 1974-1965 | VAF: Veterana A: 1974 - 1967 | |
| | VBM: Veterán B: 1964-1955 | VBF: Veterana B: 1966 e anteriores | |
| | VCM: Veterán C: 1954 e anteriores | | |

Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago

- CONTROL CON CHIP

A proba Absoluta estará controlada ao longo do percorrido a través dun chip que se entregará a cada corredor e que deberá colocar nas súas zapatillas antes da saída. Os corredores que cheguen á liña de meta sen o seu chip non serán clasificados e teñen a OBRIGA de devolve-lo ó finaliza-la proba. TODOS AQUELES CORREDORES QUE NON ENTREGUEN O CHIP NON ENTRARAN NAS CLASIFICACIONS; TAMPOUCO RECIBIRÁN NINGUN TIPO DE OBSEQUIO E NON PODERÁN PARTICIPAR EN NINGUNHA PROBA ORGANIZADA POR CHAMPIONCHIP. Este Chip, finalizada a proba, non ten ningunha utilidade.

- Todo corredor/a (DE CALQUEIRA PROBA) que non entre en liña de meta co dorsal ben visible NO PEITO para a sua identificación, cometa algunha irregularidade, ou non respete as indicacións dadas pola organización, será automaticamente descalificado/a.
- Os percorridos estarán indicados, controlados e sinalizados por kilómetro.
- A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ó longo do percorrido.
- Vestiarios e duchas: habilitaranse 2 pavillóns: Pavillón do Souto (so para homes) e Pavillón Grupo Escolar (para homes e mulleres) de 11:00 a 14:00 horas.
- Resultados: www.championchipnorte.com, www.correrengalicia.org

- INSCRICIÓNS:

- PROBAS ESCOLARES: Ata o mércores 20 de Abril ás 14:00 horas na dirección de correo deportes@concellodepadron.es ou no telf. 627.00.85.84 en horario de 10:00 a 14:00. Non se aceptarán as inscricións fora de prazo, con datos incompletos ou sin tódolos datos obrigatorios, sendo os datos obrigatorios os seguintes: Nome e Apelidos, Data de nacemento, Sexo, Teléfono de contacto, correo electrónico (se o ten), Localidade, Provincia, Colexio ou clube co que participa.

- PROBA ABSOLUTA: A través da páxina web: www.championchipnorte.com
Datos obrigatorios: NIF con letra, Nome, Apelidos, Data de nacemento, Sexo, Localidade, Móvil e Clube (se o ten).

-PRAZO da inscrición: Ata o Mércores 20 de Abril ás 14:00 horas.

-PREZO da inscrición:
- -ESCOLARES: GRATUÍTA
- -ADULTOS: Propietarios Chip Amarelo Championchip: 2 €
  Corredores sen Chip amarelo Championchip: 3 €

NOTA: A PRE-INSCRICIÓN NON SE COMPLETARÁ SE NON SE FAI O PAGO NO MOMENTO DE INSCRIBIRSE EN www.championchipnorte.com

Para calqueira dúbida relacionada co proceso de inscrición deberedes dirixirvos ós teléfonos: 982.81.68.84 (Championchip); 627.00.85.84 – 699.92 69.83 (Organización)

**Non se admitirán inscricións fora de prazo, sen os datos obrigatorios, nin o día da proba**

- RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS: Realizarase o día da proba no PAVILLÓN POLIDEPORTIVO GRUPO ESCOLAR (Pavillón Novo), a partir das 10:00 horas ata media hora antes do inicio de cada proba.

- TROFEOS, PREMIOS E AGASALLOS:
  - -Medallas e Agasallos según disponibilidade e ata fin de existencias.
  - -PROBAS ESCOLARES: Trofeo aos 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría establecida por idade e sexo.
  - -PROBA ABSOLUTA:
    - * Trofeo aos 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría establecida por idade e sexo.
    - * TROFEO ESPECIAL DE PASCOA aos 3 primeiros/as clasificados/as da proba absoluta + agasallo doado por NAUTICA A POUTADA.
  - -PREMIOS ESPECIAIS:
    - * 1º/1ª Corredor/a local: Trofeo + Carné Deportivo gratis ano 2011/12.
    - *Trofeo de Participación: Colexio/clube con máis corredores inscritos que finalicen a proba.
    - * Trofeo Benxamín: Corredor/a de menor idade
    - * Trofeo Superveterán: Corredor de maior idade.
    - * Trofeo Superveterana: Corredora de maior idade.

- ENTREGA DE PREMIOS: A entrega de premios será ó finaliza-la derradeira proba (13:15 aproximadamente) na Praza de Macías. Poderase esixir o DNI se a organización o solicitase ó recolle-lo premio.

En caso de mal tempo realizarase no PAVILLÓN POLIDEPORTIVO GRUPO ESCOLAR (Pavillón Novo), informando oportunamente con antelación.

*- A Concellería de Deportes do Concello de Padrón non se fai responsable dos daños morais ou materiais que a sí mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, así coma das neglixencias ou imprudencias que poidan cometer durante o seu transcurso.*

*- Dado o carácter deportivo e popular da prueba non se admitirán reclamacións, esperando o mellor espírito e comportamento deportivo de todo-los participantes. A organización resérvase o dereito a modificar este regulamento se as circunstancias así o aconsellasen (informando oportunamente), e o non recollido no mesmo resolverase según o criterio técnico da mesma, sendo as suas decisións inapelables. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.*